



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DE VIGO DO GRUPO PSA ACUMULA 63.580 DOAZÓNS E CONSOLIDASE COMO A EMPRESA ESPAÑOLA DE MAIOR PARTICIPACIÓN

- **A factoría viguesa acolleu a pasada semana a terceira visita anual das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue**

Santiago, martes 23 de xullo de 2019.- A terceira campaña de doazón de sangue que este ano desenvolveu a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), nas instalacións do Centro de Vigo do Grupo PSA, e que tivo lugar os días 16, 17 e 18 de xullo concluíu cun excelente resultado de 497 traballadores e traballadoras que doaron sangue e que supón ter acadado unha cifra récord de participación con 63.580 doazóns desde o ano 1995.

No transcurso do presente ano, ADOS ten realizado tres campañas de doazón no Centro de Vigo do Grupo PSA, acumulando un total de 1.583 doazóns de sangue. Neste sentido, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue quere por en valor a contribución dun dos principais centros de referencia do tecido industrial galego que, desde sempre, ten amosado o seu compromiso coa sociedade galega e co solidario xesto da doazón tanto de sangue como de órganos.

Traxectoria solidaria

Hai 24 anos, o Centro de Vigo do Grupo PSA comezou a acoller campañas de doazón de sangue promovidas desde a Consellería de Sanidade e que, actualmente, consolidan a esta empresa como un referente a nivel estatal, sendo a empresa española con maior número de doazóns.

Salientar que grazas a colaboración dos 497 profesionais do Centro de Vigo do Grupo PSA que doaron sangue nesta terceira campaña promovida por ADOS, poderán realizarse, por exemplo, máis de 248 intervencións cirúrxicas ou transfundir plaquetas a preto de 100 enfermos oncolóxicos.

Sensibilización e colaboración

A dirección de ADOS quere por en valor a implicación e compromiso do Centro de Vigo do Grupo PSA co desenvolvemento das campañas de doazón de sangue que teñen permitido que, ao longo destes últimos 24 anos, a factoría viguesa acumule unha cifra próxima ás 64.000 doazóns que a sitúan como referente social de primeira orde no ámbito do altruísmo.

Así mesmo, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue quere agradecer o seu compromiso e colaboración á Dirección do Grupo PSA de Vigo e de todos os departamentos que integran a empresa, facendo, como non podía ser doutro xeito, extensivo este agradecemento a todos os traballadores e traballadoras que doan sangue

SAÚDOS,

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE